

## **NORABOA FÁTIMA !!**

### **Premio ao Esforzo e Superación Persoal**

É unha fermosa historia de superación e esforzo á de a nosa alumna Fátima Moukhliissi, que chegou a Galicia hai poucos anos e logrou incorporarse ao noso sistema educativo sin repetir ningún curso.

Fátima é a maior de 4 irmáns e desenvolve, como se fose unha persoa adulta, todas as tarefas do fogar.

Fátima é unha alumna que conseguiu o título de ESO no pasado curso 2009-10 e na actualidade continúa no noso centro matriculada no 1º de Bacharelato Científico. Realiza puntualmente todos os traballos diarios propostos, manifesta un constante interese por aclarar dúbidas, preguntando ao profesorado e a súa asistencia a clase é totalmente regular.

Durante o pasado curso participou no programa de Seccións Bilingües existente no centro, cursando en Francés a materia de Bioloxía de 4º ESO.

Por todo iso a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, considerouna merecedora dun un Premio ao esforzo e superación persoal.

